

## web da concellería de igualdade

Dende a web do Concello: [www.vigo.org/igualdade](http://www.vigo.org/igualdade) pode acceder a web da Concellería de Igualdade.



concellería  
de igualdade  
concello de vigo



## casa de acollida de mulleres maltratadas

A Casa de Acollida ofrece ás mulleres vítimas da violencia e ás súas fillas e fillos un espazo alternativo de convivencia e un tempo de reflexión para tomar decisións sobre a súa vida. Durante a súa estadía na Casa de Acollida, contan co apoio e asistencia social, xurídica e psicolóxica. A Casa de Acollida dispón ademais dun Piso de Saída dependente e dun Programa de Apoio económico á saída da Casa.

Horario: A Casa está aberta as 24 horas do día.  
Contacto: Teléfono: 986 293963



## asociación rede de mulleres veciñais contra os malos tratos

É un grupo de mulleres veciñais de Vigo. A súa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos. Denuncia a violencia, estando presente na prensa, na rúa, nos xuízos, en xornadas e actos públicos..., apoiando sempre á muller vítima dos malos tratos.

Contacto: r/ Oliva, 12. 36202 VIGO. Teléfono: 606 929137/986 222328  
Enderezo electrónico: [redemediadorasvigo@hotmail.com](mailto:redemediadorasvigo@hotmail.com)



concellería  
de igualdade  
concello de vigo

2008



## teléfono da muller 986 29 39 63

Servizo municipal de información e asesoramento telefónico para mulleres, dirixido especialmente ás vítimas da violencia.

Atendido as 24 horas do día por persoal especializado; asegura unha orientación inmediata e precisa sobre recursos e servizos existentes na comunidade achegándolles ás mulleres vítimas da violencia información urxente sobre recursos legais e sociais ao seu alcance, apoio e atención en situacións de angustia.

## casa das mulleres

A Casa das Mulleres é un espazo utilizado tanto pola Concellería de Igualdade como polas asociacións e colectivos de mulleres da cidade. Serve para impartir cursos, realizar reunións, exposicións e conferencias. Conta con tres aulas espaciaosas, unha oficina e un almacén-arquivo. Nas súas dependencias desenvólvense programas de actividades organizados dende a concellería ou por diferentes asociacións de mulleres.

Horario: Aberta todas as tardes de luns a venres de 17:30 a 21:30  
 Contacto: r/ Romil, 20. 36202 VIGO. T. 986 442194 - Fax 986 442195  
 Enderezo electrónico: casadasmulleres@vigo.org

## servizo de igualdade

A Oficina da Igualdade, emprazada na Casa do Concello, xestiona a programación da concellería, avalía as políticas de igualdade e fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos apoiando o seu asociacionismo.

Tratando de detectar as dificultades diarias das mulleres e facer valer os seus dereitos nos ámbitos profesional, social e familiar, o Concello puxo á súa disposición recursos e instrumentos que fornezan a confianza nelas mesmas para esixir unha convivencia en igualdade.

As distintas necesidades e demandas foron identificadas a través dos servizos municipais de atención ás mulleres, prestando unha especial atención aos casos de agresións á súa integridade física e psíquica. Emporiso, consciente de que é necesario combinar o labor asistencial co traballo formativo, o Concello desenvolve diversos programas destinados a educar as novas xeracións nos valores que garanten a igualdade de oportunidades.

Contacto: Praza do Rei, 2. VIGO  
 Horario: de luns a venres de 8 a 15.  
 T. 986 810284 - Fax: 986 430082  
 www.vigo.org/igualdade  
 Enderezo electrónico: ofi.muller@vigo.org



## centro municipal de información dos dereitos da muller

Servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres adscrito á Concellería de Igualdade no que se promove unha intervención pluridisciplinar e integral dende unha perspectiva de xénero, desenvolvendo ao mesmo tempo programas específicos de apoio e atención ás vítimas da violencia. É a vía de entrada á Casa de Acollida para Mulleres Maltratadas de Vigo, así como ao Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI).

O centro está formado por un equipo de profesionais composto por unha psicóloga, unha avogada, unha traballadora social e unha administrativa.

Contacto: r/ Romil, nº 20. 36203, VIGO  
 Horario: Aberto de luns a venres de 10:00 a 14:00 e xoves de 17:00 a 20:00  
 T. 986 293963. Fax: 986 201153  
 Consulta xurídica on-line: osnosdereitos.muller@vigo.org



## servizo de atención domiciliaria da infancia SADI

Dependente da Concellería de Igualdade, previa valoración económica da unidade familiar, o servizo consiste no coidado persoal das fillas e fillos menores de dez anos. Terá lugar na casa da beneficiaria dende a hora solicitada ata o seu regreso. A duración máxima é de 4 horas no horario comprendido entre as 7,00 a 23,00 horas de luns a venres. Os seus obxectivos son: contribuir á harmonización da vida laboral profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas da violencia; favorecer a incorporación da muller ó emprego; fomentar a formación académica e ocupacional das mulleres; potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo: ANPAS, movemento veciñal, asociacións culturais, etc.; acadar tempo propio e persoal, específico para cada muller.

Urxencias: comparecencia ante calquera administración, ingresos hospitalarios, accidentes; atención a casos de extrema gravidade mentres non poidan ser resoltos por outros servizos especializados..

Contacto: r/ Romil, nº 20. 36203, VIGO  
 Horario: de luns a venres de 10:00 a 14:00 e xoves de 17:00 a 20:00 horas  
 Solicitud no Teléfono: 986 293963. Fax: 986 201153

